

LMT, aérea, de 20/10 kV. de 743 m de lonxitude, desde a LMT. Pontesampaio - Vilaboa ata o CT. que se proxecta en Vilar, concello de Vilaboa, con conductor LA-30 sobre apoios metálicos e de formigón. CT. aéreo, de 50 kVA., relación de transformación 10.000/380-220 V. RBT., de 28 m, aérea.

Declarar, en concreto, a utilidade pública da instalación eléctrica que se autoriza, para os efectos sinalados na Lei 10/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas e no seu regulamento de aplicación, do 20 de outubro de 1966.

Esta instalación non poderá entrar en servicio mentres non conte o seu peticionario coa aprobación do proyecto de execución, logo de cumplir los trámites que se sinalan no capítulo VI do citado Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro.

Pontevedra, 16 de maio de 1991.

Ramón Álvarez Abad
Delegado Provincial

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Corrección de errores.—Orde do 21 de marzo de 1991 pola que se establecen medidas de apoio a agrupacións e entidades para a mellora da eficacia dos sistemas productivos agrarios.

Advertidos errores na orde do 21 de marzo de 1991, DOG n.º 77, cómpre realiza-las seguintes modificacións:

—Na páxina 2.831, segunda columna, despois do punto e), debe insertarse «f) 10.03.613-A.760. Apoio a Corporacións Locais. Programas Sanitarios Especiais».

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Orde do 27 de xuño de 1991 sobre o réxime xeral de axudas para os alumnos que cursen estudios de ensinanzas marítimo - pesqueiras baixo a modalidade de formación profesional de 2.º grao e náutico - pesqueiras baixo a modalidade de educación permanente de adultos nos centros docentes dependentes da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Co obxecto de fomentar e pontencia-la formación da poboación mariñeira, é necesario artella-las accións que faciliten o acceso á formación náutico - pesqueira, con especial incidencia na formación permanente de adultos e mozos que acceden á formación profesional de 2.º grao. Neste sentido é fundamental a dotación de axu-

das para o transporte, de comedor, de aloxamento en réxime de internado, de manutención, compensatorias, e para gastos determinados por razón de prácticas en alternancia en empresas do sector sóra do centro docente ós citados alumnos.

Dado que existe no proxecto dos presupostos da Comunidade Autónoma para 1991 crédito para este fin no concepto presupuestario 012.004.322.J.480, o denominado «axudas e bolsas para estudos de formación profesional náutico - pesqueiras», parece procedente regula-la convocatoria de axudas para o estudio para os alumnos que cursen estudos de ensinanzas náutico - pesqueiras e marítimo - pesqueiras baixo a modalidade de educación permanente de adultos e formación profesional de 2.º grao, nos centros docentes dependentes da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Polo exposto, e por proposta da Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación, en cumprimento dos preceptos legais de publicidade, concorrenza e obxectividade, esta consellería,

DISPÓN:

I. ESTUDIOS COMPRENDIDOS

Artigo 1.º

Poderán solicitar axudas para realizar estudos náutico - pesqueiros e marítimo - pesqueiros nos centros docentes dependentes da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura durante o curso académico 91-92 os alumnos que cursen os estudos seguintes:

—Náutico - pesqueiras: Mecánico naval maior, mecánico naval 1.ª e 2.ª clase, capitán de pesca, patrón de pesca de altura, patrón de pesca litoral de 1.ª clase, patrón maior de cabotaxe, patrón de cabotaxe.

—Marítimo - pesqueiras: Formación profesional de 2.º grao, especialidades de máquinas, ponte e cabotaxe.

II. CONCEPTO E CONTÍA DAS AXUDAS

Artigo 2.º

1.—De conformidade co disposto no artigo 6.º do Real decreto 2.298/1983, do 28 de xullo, a axuda poderá comprender os seguintes componentes:

a) Axudas para o transporte, determinadas por razón da distancia entre o domicilio familiar do bolseiro e o centro docente.

b) Comedor.

c) Aloxamento en réxime de internado e manutención.

d) Compensatoria.—Axuda para gastos derivados da residencia do alumno durante o curso sóra do domicilio familiar e que non desfrute de axuda de aloxamento nas residencias dos centros docentes dependentes da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

e) Para gastos determinados por razón de realización de prácticas en alternancia en empresas sóra do centro docente.

2.—As axudas de transporte e comedor poderán ser compatibles, así como as compensatorias e de comedor.

As axudas por razón de prácticas en alternancia poderán ser compatibles con calquera das consideradas na presente orde.

Artigo 3.º

As axudas por razón de distancia diversificaranse na súa conta de acordo coa seguinte escala:

De 5 a 10 Km: 15.500 ptas.

De 10 a 30 Km: 34.000 ptas.

De 30 a 50 Km: 70.000 ptas.

Máis de 50 Km: 85.000 ptas.

Artigo 4.º

A axuda de comedor desíñese como asistencia gratuita ós comedores dos centros docentes dependentes da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura que teñan estes servicios na modalidade de xantar, entendendo como tal a comida de mediodía.

Artigo 5.º

Poderán solicitar axuda para comedor os alumnos que acrediten documentalmente te-la residencia a unha distancia superior a 10 Km do centro docente.

Artigo 6.º

Poderán solicitar axuda de internado e manutención os alumnos que acrediten documentalmente cumplirlas seguintes condicións:

a) Imposibilidade de trasladarse ó seu domicilio diariamente.

b) Ter presentada a documentación correspondente para as validacións ás que tivese dereito. Ter menos de 3 disciplinas validadas.

c) No caso de alumnos da modalidade náutico - pesqueira de educación permanente de adultos, ter cumpridos 19 anos, como mínimo, no ano 1991, e acreditar debidamente circunstancias especiais que imposibiliten a súa escolarización en réxime ordinario.

d) Reuni-los requisitos académicos e profesionais esixidos polo ordenamento xurídico vixente.

e) Non se poderá obter praza de aloxamento cando os estudos que se soliciten entrañen a perda dun ano no proceso educativo.

III. BAREMOS

1.—Rendemento académico.

Nota media de sobresaliente: 4 puntos.

Nota media de notable: 3 puntos.

Nota media de ben: 2 puntos.

O rendemento académico dos aspirantes valoraranse numericamente pola nota media das disciplinas correspondentes ó curso anterior:

2.—Embarque:

Máis de 700 días: 5 puntos.

De 500 a 700 días: 4 puntos.

De 300 a 500 días: 3 puntos.

De 100 a 300 días: 2 puntos.

De 50 a 100 días: 1 punto.

3.—Idade:

Maiores de 25 anos: 3 puntos.

Entre 20-25 anos (ámboos dous incluídos): 2 puntos.

Menores de 20 anos: 1 punto.

Artigo 7.º

O proceso de valoración social dará lugar a unha escala de puntuación baseada nos seguintes criterios: Ingresos familiares, composición do grupo familiar, se é o caso, condición de orfandade e outras circunstancias familiares especiais.

Artigo 8.º

Entenderase que son ingresos de base da familia os mesmos que serven para o cómputo da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas.

No suposto de que concorran diversos membros computables da familia con obriga de declarar polo citado imposto sumaranse as bases imponíbles correspondentes a cada un deles.

Artigo 9.º

A renda familiar neta obterase despois de deducir a base imponible ou das sumas, dado o caso, das cotas líquidas correspondentes ó mesmo período.

Os titulares de explotacións agrarias computarán ademais como ingreso os produtos que se utilicen para o seu propio consumo.

Artigo 10.º

No tocante ás solicitudes de emigrantes, respecto dos fillos destes, contabilizaranse os ingresos en pesetas, calculando a media ponderada do valor ó cambio do ano a que se refire e computaranse nun 5 por 100, ó considerarse o seu poder adquisitivo e tendo en conta ademais o maior gasto que supón, en moitos casos, o que parte da familia resida en España e os inconvenientes de tipo socio - educativo que implica pertencer a estas comunidades.

Para efectos xustificativos, o certificado de ingresos, expedido pola empresa correspondente, deberá estar visado polo consulado da nación en cuestión.

Artigo 11.º

Os ingresos achegados polos irmáns do solicitante que convivan no domicilio familiar computaranse nun 30 por 100, tendo en conta a súa natureza e a súa finalidade.